

FOMOS Á TELE

A finais de xaneiro a profe nos dixo que íamos participar nun concurso de V televisión, chamado Xiz.

Uns días despois , xuntámonos 5º e 6º para falar sobre o concurso. Xesús e máis eu íamos de titulares e Lucía e Marco de suplentes. Despois vimos todas as probas e os puntos destas, mentras a profe Elisa poñía exemplos no encerado.



Por fín chegou o día. O 2 de febreiro fomos nun autobús ao plató que estaba nas aforas de Vigo. De camino recollimos ao colexio de Mosteiro, a noso cole rival. Acompañáronos os pais dos titulares e dos suplentes.

Xiz

Gustoume moito a experiencia de ir gravar *xiz* e ver como é a tele por dentro.

Cando chegamos, leváronnos (aos concursantes) á perruquería. Mentres Marta (unha das concursantes rivais) e mais eu nos peiteabamos, Xesús e mais Guebre vían os Simpsons pola tele. Xa peiteados e listos nos puxeron os micrófonos. Eu creo que Xesús estaba super contento, pois non paraba de facer bromas cos micros.

Máis tarde, na sala de espera , Antón explicounos un pouco como ía ser e nos recomendaba que estivéramos soltos. Pero, mais solto que Xesús non se podía estar! Estaba alí, sentado coas mans detrás da cabeza. De súpeto, Antón comezou a rir e di: “Pero tío, sube a cremalleira!”

Cando xa sabíamos un pouco como ía ser todo, fomos ó plató. Era moi bonito; os pulsadores eran borradores e poñía *xiz* onde nós estabamos. Alí nos dixeron como había que saír e todo o referente ás posicións.

Comezamos a gravar.

Para min, o máis difícil foron os dominós. Tiñamos que poñer fichas de dominó en 60 segundos e logo derribalas. Foi moi divertido.

Ao final, gañamos 280 puntos a 195 puntos.

Celia